




UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Planteada cuestión sobre recoñecemento de prácticas en empresas organizadas polo Consello Social, díctase a seguinte Instrucción:

Visto o Real Decreto 1497/87 e o Acordo da Xunta de Goberno do 27 de febreiro de 1997.

- 1 Conforme o disposto no citado Real Decreto a libre elección pode realizarse ben a través da superación de materias ou ben pola realización de seminarios ou outras actividades académicas ofertadas pola propia Universidade (artigo 7. 1C), esta redacción foi dada pola modificación do dito Real Decreto realizada no ano 1994 que ven a amplia-los conceptos polos que se pode realizar-la libre elección.
- 2 O Acordo da Xunta de Goberno citado ven a recoñecer que as prácticas que organiza o Consello Social poden ser imputadas á libre configuración curricular a tódalas titulacións desta Universidade.
- 3 Na actualidade poden realizarse prácticas en empresas a través de dous procedementos: un é a realización de prácticas en empresas dentro do réxime de créditos por equivalencia, para o cal deberá estarse ó establecido no Acordo da Xunta de Goberno do 3 de xuño de 1996 e ós límites que estableza o plano de estudos, podendo imputarse neste suposto a créditos optativos ou libre configuración, segundo estableza o plano de estudos. A outra posibilidade de realizar prácticas en empresas é a través do Consello Social, estas prácticas quedan fóra do concepto de créditos por equivalencia, insertándose no concepto de actividades que pode ofrece-la Universidade para libre elección, de tal forma que se poderá recoñecer estes créditos de libre elección incluso a titulacións que non contemplan tal posibilidade no seu plano de estudos no apartado de créditos por equivalencia, e en todo caso serán imputados a créditos de libre elección curricular.
- 4 En conclusión deberá recoñecerse como créditos imputables a libre elección os créditos que resulten das prácticas en empresas que realicen os alumnos a través do Consello Social.


O recoñecemento destas prácticas ó considerarse que son actividades organizadas pola Universidade, non estará suxeito ós límites que establezan os planos de estudos para créditos por equivalencia.

O recoñecemento de tales prácticas realizarase trala presentación polo alumno do oportuno certificado expedido pola Secretaría do Consello Social e devengaranse os prezos públicos polo número de créditos que se recoñezan.

Santiago, 26 de novembro de 1997.

O VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓNS,




Celso Rodríguez Fernández

ILMO. SR. SECRETARIO XERAL, SRES./AS DECANOS/AS, SRES./AS DIRECTORES/AS, SECRETARÍA DO CONSELLO SOCIAL, SR. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO, SR. XEFE DOS SERVICIOS INFORMÁTICOS, SR. DIRECTOR DO C.O.I.E, SRES/AS XEFES/AS DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA.